



para diante ou  
para atras galicia  
es una mierda

romper dentes  
é de todos

converterse  
é de todos

collerche as mas  
é de todos

facer unha mariscada  
é de todos

traballar no papel  
é de todos

traballar o papel  
é de todos

promover unha campaña electoral dende o suave chapapote berrando a través da túa ingle  
é de todos

me  
é de todos

onde o papel  
é de todos

praza azul  
é de todos

repetirse poemando  
é de todos

praza verde  
é de todos

praza pública  
é de todos

o público  
é de todos

israel  
é de todos

comín ensaladilla  
é de todos

a señora que mercou toda a praza verde azul pública gardouse os alimentos debaixo da escaiola  
é de todos

fábrica de rótulos  
é de todos

cando as paredes vibran toda a pedra en papel de lixa aperta siluetas  
é de todos

as axudas do estado con previo chorro de chicharos narcóticos  
é de todos

bruma  
é de todos

frexulfe sorríndolle ao saír de detrás duns tacóns de medio metro onde king kong perdeu as sandalias  
é de todos

diferencias básicas entre comezar o abecedario e non  
é de todos

correr para violar  
é de todos

correr para un orden novo onde os altavoces de antes non digan que van estar ao final e  
é de todos

beber auga pulsando o botón de oriente en emerxencia  
é de todos

vivir no lado correcto do mapa  
é de todos

un pasiño para diante  
é de todos

seis pasiños para atrás saíndo do maletero co movemento dun péndulo por estómago  
é de todos

por vinte euros  
é de todos

da túa ingle  
é de todos

ou tixola ou alambique entre caer esperando que os teus bicos cheguen a onde  
é de todos

chego coa forza da gravidade  
é de todos

axudándome a distinguir as miñas exaculacións  
é de todos

a túa cara a raías  
é de todos

a parte da esquerda non dá brotado  
é de todos

a parte da dereita non dá morto  
é de todos

cales son os últimos números?  
é de todos

desfíoches a reprodución do teu machacar e mírasme fomentando  
é de todos

a túa cara é morrer cos fósiles arrastro de ti ou de min  
ou é de todos

tiven tempo para dar voltas

tiven tempo para dar

tiven tempo para

tiven tempo

tiven

tiveches

acabouse esta mierda

o tempo é a violencia de todos en pequenas linguas correndo a carreira popular do teu empaste  
detrás das novas bragas  
sucias  
do trinquete

tiven  
acabouse  
tempo  
esta mierda  
dar  
tiveches

piro  
piro  
pi  
pirómano  
pirolítico  
pimplarlle  
ou non  
piro  
piro  
pi  
pistón  
pis  
fiambre

sabemos como lle medran os cornos aos bois porque ninguén fixo unha boa dixestión  
de ser

mos

cas

mos

ecuador

carne cru para ti e para min  
para os nenos para as nenas para o señor e a señora  
carne cru sobrevoando o espazo aéreo en Kiev  
carne cru asada nun forno ao vivo  
ao vivo e en rigoroso directo  
facendo que o presentador teña que morder os beizos ata sangrar  
de puro gusto  
carne cru para ti e para min  
a todas horas en calquera emisora do planeta  
carne cru para masturbarte e para masturbar a tu santa señora  
carne cru para chorar e bailar pegados  
carne cru para que te mates e deixes a gorxa atada e ben atada  
carne cru contedor de dereitos para ti para min para o neno para a nena  
carne cru para calquera comida familiar  
debuxándolle pescozos de esqueleto a teu irmán pequeno  
carne cru navegando polos mares de esperma que baixan  
das cloacas da cidade do odio  
carne cru será televisada unha e outra vez  
bailando o ritmo dos mortos en vida  
carne cru  
ou estás connosco  
ou estarás

cada vez te perdes estás gozando da túa última oportunidade para sentirse viva  
e estasme dando razóns para confiar, estasme dando descargas eléctricas  
no esternocleidomastoideo a velocidades que nunca imaxinarías  
mentres pasas a lingua con máis ilusión que esperanza  
por un pomo que che vai abrir as portas doutro mundo de algo mellor dun sitio  
que nunca che ensinaron se mirabas demasiado tempo a unha luz vermella  
como castigo por ter os ollos choscos e as pernas demasiado gordas  
por ter gomas caducas nas raíces do útero e buscalas con verrugas mercadas  
expresamente para tal ocasión que non se perde que non dá máis  
agora xa estás preparada para inflarte ata o amencer e non dar nunca máis as grazas  
ou botarte pola costa abaixo coas bragas queimadas pegadas aos pés  
con sangue que usaches para darlle de comer ao ventilador  
con pouco menos que cincuenta céntimos nas pestanas  
e ganas de dicirlle a unha vella que se o día se dá aínda has ir ás putas



## **Nova Narrativa Galega**

Camilo quere bailar  
Camilo quere Gonsar  
Camilo non quere  
Que lle coman a cabeza

Os paxariños matan para comer  
os paxariños aniquilan  
os paxariños son asasinados para servir de alimento  
e os seus restos fan a maioría das veces  
de banquete para as formigas  
as formigas comen os ollos dos paxariños mortos  
e os teus tamén, se te descoidas  
ti pisas miles de formigas a diario  
e confundes as súas tripas con pegamento  
as formigas e os vermes son un manxar  
para as galiñas  
as galiñas poñen ovos dos que saen poliños  
que seguen sendo ao fin e ao cabo  
paxariños  
paxariños que ti non deixas nacer na tortilla  
ou lles retorces o pescozo ata que fan FSSSSSPUM  
e o paxariño queda sen cabeza  
unha señora de onde son eu  
morreu dando de comer ás galiñas  
e atopárona aos catro días  
tirada no galiñeiro  
os poliños ían con súas nais  
pelexar coas formigas  
por sacarlle un pedazo máis  
ás pupilas da vella

A violencia está en todos os sitios

o jiu-jitsu está moi ben  
pero a patada nos collóns  
xa lla deu Caín a Abel